



A industria dos curtumes en Galicia: unha visión sistemática sobre a súa implantación no territorio no século XX

Claudio Otero Eiriz¹

Recibido: 9 de abril de 2018 / Aceptado: 16 de outubro de 2018

Resumo. O sector dos curtumes foi unha das principais industrias que operaron na historia de Galicia, conclusión que se pode tirar só con analizar dous aspectos, o da súa produción cuantitativa e o do seu espaxamento físico por todo o territorio galego. No que atinxe ao primeiro dos aspectos, se observamos as series históricas das estatísticas administrativas das contribucións industriais a nivel estatal veremos que a mediados do século XIX un de cada catro coiros que se fabricaban no Estado se producían por fábricas de curtumes chantadas en Galicia. No segundo dos aspectos, os curtidoiros en Galicia non se localizan nunha área determinada senón que se ciscan por todo o país de xeito que nun de cada catro concellos e en case que en todas as comarcas se inzaron fábricas para curtir peles. No estudo desta extraordinaria localización industrial é na que se pretende afondar con este artigo, co fin de identificar os curtidoiros concretos que operaron en cada concello galego e tirar conclusións sobre as lóxicas de localización que levaron a que no país este sector industrial se achase tan espallado por todo o territorio.

Palabras chave: Industria; curtumes; Galicia; localización industrial.

[es] La industria de los curtidos en Galicia: una visión sistemática sobre su implantación en el territorio en el siglo XX

Resumen. El sector de los curtidos fue una de las principales industrias que operaron en la historia de Galicia, conclusión que se puede extraer solo con analizar dos aspectos, el de su producción cuantitativa y el de su localización física por todo el territorio gallego. En lo que se refiere al primero de los aspectos, si observamos las series históricas de las estadísticas administrativas de las contribuciones industriales a nivel estatal veremos que a mediados del siglo XIX uno de cada cuatro cueros que se fabricaban en el Estado se producían por fábricas de curtidos establecidas en Galicia. En el segundo de los aspectos, las tenerías en Galicia no se localizan en un área determinada, sino que se esparcen por todo el país de manera que en uno de cada cuatro ayuntamientos y en casi que en todas las comarcas se levantaron fábricas para curtir pieles. En el estudio de esta extraordinaria localización industrial es en la que se pretende profundizar con este artículo, con el fin de identificar las curtidurías concretas que operaron en cada ayuntamiento gallego y extraer conclusiones sobre las lógicas de localización que llevaron a que en el país este sector industrial se encontrase tan desperdigado por todo el territorio.

Palabras clave: Industria; curtidos; Galicia; localización industrial.

[en] The Tanning Industry in Galicia: a Comprehensive View of its Presence in the Region in the 20th century

Abstract. The tanning sector was one of the main industrial activities in the history of Galicia. This conclusion can be drawn from the analysis of only two aspects, its levels of production and its spreading throughout the Galician region. As regards the former aspect, the Administration's historical statistical series of industrial activity in Spain show that one out of four leather sheets produced in the country in the mid-nineteenth century came from Galician leather factories. Concerning the second aspect mentioned, the leather industry in Galicia is not just present in a specific area but spread throughout the region in such a way that one out of four municipalities and nearly every region (districts, counties), tanning factories have been set up. This article studies this extraordinary industrial location, aiming not only to identify specific leather factories which were present in every Galician municipality, but also to draw conclusions about the reasons for their location and the spreading of the tanning sector throughout the region.

¹ Xunta de Galicia.
Correo-e: claudio.otero.eiriz@gmail.com

Keywords: Industry; Tanning; Galicia; Industrial Location.

Sumario. 1. Limiar. 2. Mapa da industria dos curtumes galegos por concellos e comarcas. 3. Análise da localización dos curtidoiros galegos por comarcas e concellos (1900-1960). 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas e de referencia.

Como citar: Otero Eiriz, C. (2018): “A industria dos curtumes en Galicia: unha visión sistemática sobre a súa implantación no territorio no século XX”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 21, pp. 157-172.

1. Limiar

Na presente investigación estúdase a localización industrial do sector dos curtumes en Galicia durante a primeira parte do século XX. Con este fin, realízase unha análise sistemática da súa implantación no territorio nos ámbitos provincial, comarcal e municipal. Deste xeito, achégase unha faciana máis das fábricas de coiros galegas que até o de agora estaba pendente: a de esfarelar os datos achegados noutros estudos² e ordenalos polas demarcacións territoriais referidas.

A industria dos curtumes foi unha industria nacional para Galicia debido a súa extraordinaria implantación no territorio, no que se inzararon curtidoiros nun de cada catro concellos e case que todas as comarcas tiveron a presenza deste eido industrial. Asemade, no concerto estatal as fábricas de curtumes galegas tamén acreditaron a súa puxanza pois a mediados do século XIX, cando se teñen os primeiros datos das estatísticas administrativas das contribucións industriais³, un de cada catro coiros que se producían no Estado fabricábase nas fábricas galegas.

Antes de que chegaran as fábricas á sociedade europea o sector dos curtumes en Galicia acrecentaba unha dualidade na súa estrutura produtiva. Por unha banda, estaban os curtidores rurais que compaxinaban este traballo orientado ao autoconsumo coas súas angueiras labregas. Por outra, en contadas localidades do país como Allariz, Chantada ou Noia prodúcese excedentes produtivos que se destinaban á venda no mercado galego⁴. Con estes alicerces a industria dos curtumes agroma en Galicia a finais do século XVIII impulsada pola

fartura de factores de produción que abunda no territorio –peles, casca de carballo e auga. Estas primeiras pegadas da industria foron medrando na primeira parte do século XIX coa inmigración de curtidores vasco-franceses e coa chegada do capital mercantil á industria que procede da industria do liño; aspectos que provocan que o sector se espaxeira por todo o territorio galego. Como consecuencia destas circunstancias, entre outras, Galicia a mediados do Oitocentos ocupa unha posición de liderado dentro do mapa do curtido estatal. Esta preeminencia vai mingando na segunda parte do século cando unha serie de avances técnicos provocan mudanzas nas lóxicas de localización industrial que imperaban no sector. En efecto, o incremento das importacións de peles xunto cos avances no procedemento de elaboración –extractos tánicos e sales de cromo– liberan o sector da obrigada localización cerca das sustancias curtintes, por mor dos custos de transporte, o que aguilloa que as empresas comecen a situarse preto da demanda e non tanto da oferta de materias primas. Esta situación cébase coa mellora nas infraestruturas que van tecendo un verdadeiro mercado estatal. A demanda do coiro está orientada cara ao calzado e ás correas de transmisión de forza para as máquinas industriais, isto é, cara a un territorio urbanizado e industrializado coma era Cataluña. Galicia continúa especializada en dous produtos coma o becerro e a sola de moita calidade, mais sen posibilidade de competir cos coiros elaborados mediante os modernos procesos de curtir debido á súa baratura. Todo o avanzado provoca que se vaia localizando a industria en Cataluña en detrimento de Galicia, que paseniño vai perdendo forza no contexto estatal até que o sector esmorece a mediados do século XX incapaz de adaptarse aos modernos mercados dos curtidos⁵.


Esta descrición da historia da industria do curtido realizada polo profesor Carmona Badía (1990b), que nós resumimos nunhas poucas palabras, non só persiste no tempo senón que foi verificada por toda a investigación posterior que se fixo sobre o devir desta importante industria para Galicia e cuxas referencias achegamos ao final deste estudo.

² Otero Eiriz 2017a.

³ Cf. Nadal Oller 1987: 57.

⁴ Cf. Carmona Badía 1990a: 68-69.

⁵ Cf. Carmona Badía 1990b: 27-35.




Lenda



- Límite provincial
- Límite municipal
- Concellos con industria do curtido (séc. XX)
- Concellos con industria do curtido (séc. XIX)

Mapa 1. Concellos de Galicia onde se localizou a industria dos coiros nos séculos XIX e XX (Otero Eiriz 2017a: 43)⁶

⁶ No mapa destácanse en cor distinta os concellos con actividade no século XIX mais cuxas fábricas fecharon antes de que comezara o século XX.



Lenda

-  Límites das comarcas
-  Comarcas con industria do curtido (sécs. XIX e XX)

Mapa 2. Comarcas de Galicia onde se emprazaron curtidoiros nos séculos XIX e XX (Otero Eiriz 2017a: 44)

As principais achegas desta investigación, a desagregación dos curtidoiros que operaron por concellos e a relación bibliográfica do sector en Galicia pretenden estimular o xermolo de investigacións locais onde o emprego doutras fontes, como os protocolos notariais, se poida efectuar dun xeito realista. En concreto, fican por desenvolver estudos en importantes comarcas para os curtumes como Bergantiños, O Carballiño ou Pontevedra e afondar no estudo de vilas senlleiras do curtido galego como Allariz ou Noia.

Con toda esta información, cómpre lembrar que só os datos das contribucións industriais empregados ocupan un folia de cálculo de máis de 10.000 filas⁷ –datos que foron contrastados sobre o terreo. Neste estudo faise unha análise da localización urbana-rural das fábricas de curtumes en Galicia co fin de afondar nun aspecto aínda non moi estudado e que nos vai dar pistas tanto das causas e desenvolvemento deste eido industrial como das razóns do seu colapso nas décadas centrais do século XX.

Finalmente, non nos queda máis que agradecer a Xosé Méndez Pérez o interese que mostrou en que este artigo vese a luz, á revista *Madrygal. Revista de estudos gallegos* por publicalo, e a miña familia polo tempo furtado para o estudo e posterior redacción do presente traballo.

2. Mapa da industria dos curtumes galegos por concellos e comarcas

Seguindo o ronsel da investigación *A industria dos coiros en Galicia, Historia e Patrimonio* (Otero Eiriz 2017a), incluímos aquí uns mapas sobre a localización territorial das fábricas de curtumes en Galicia durante os séculos XIX e XX. Neles pódese apreciar de xeito sinxelo aqueles concellos e comarcas que contaron con actividade curtidora e, así mesmo, tirar a conclusión da súa extraordinaria implantación no territorio ao ter presenza o sector en 78 dos 314 concellos⁸ e en 37 das 53 comarcas actuais (Mapas 1 e 2).

3. Análise da localización dos curtidoiros galegos por comarcas e concellos (1900-1960)

Nesta epígrafe imos situar por concellos e comarcas as fábricas que curtiron peles en Galicia

durante o primeira parte do século XX. Con este fin aproveitaremos información da investigación *A industria dos coiros en Galicia, Historia e Patrimonio* (Otero Eiriz 2017a), que se nutriu, fundamentalmente, dos datos que fornecen os documentos das contribucións industriais e de investigacións locais xa avanzadas en certas localidades galegas. Coa agregación destes datos aos niveis municipais e comarcais farase unha análise sobre se a localización dos curtidoiros galegos estivo centrada nas cidades, nas vilas ou nas aldeas.

3.1 As fábricas de curtumes da provincia da Coruña (1900-1960)

As fábricas de curtumes curtiron peles en trece das dezasete comarcas da provincia da Coruña durante o século XX. A evolución do seu emprazamento físico por comarcas podémola ver na Táboa 1, de onde se conclúe que as comarcas de Bergantiños, a de Santiago e, sobre todo, a de Noia foron as localizacións máis importantes do sector en canto a número de fábricas de curtumes se refire, pois a única fábrica que opera no concello de Padrón, a de PICUSA, chegou a tributar case dez veces máis de contía por contribucións industriais que o resto dos curtidoiros da provincia todos xuntos.

| | 1900 | 1920 | 1940 | 1960 |
|-------------------|------|------|------|------|
| Arzúa | 0 | 0 | 0 | 1 |
| A Barcala | 0 | 0 | 2 | 2 |
| Bergantiños | 4 | 3 | 9 | 8 |
| Betanzos | 3 | 2 | 1 | 0 |
| A Coruña | - | 2 | 2 | 6 |
| O Eume | 1 | 1 | 1 | 0 |
| Ferrol | 2 | 1 | 1 | 1 |
| Fisterra | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Noia | - | 16 | 33 | 37 |
| Ordes | 0 | 1 | 1 | 1 |
| Santiago | 10 | 7 | 10 | 8 |
| O Sar | 1 | 1 | 1 | 1 |
| A Terra de Melide | 1 | 1 | 2 | 2 |

Táboa 1. Localización dos curtidoiros coruñeses por comarcas (1900-1960)

⁷ Otero Eiriz 2017a: Anexo II.

⁸ O estudo está feito antes da fusión municipal entre os concellos pontevedreses de Cerdedo e Cotobade.

Na comarca de Arzúa houbo unha fábrica de curtumes na freguesía de Santa María de Arzúa coñecida como o curtidoiro A Salvadora, propiedade de José Villanueva Bernárdez, que operou nos anos centrais do século XX.

Na comarca da Barcala operaron dúas fábricas no concello de Negreira, ambas localizadas no lugar de Covas, propiedade de Manuel Malvárez Liñares e Celestino Suárez Pensado.

Na comarca de Bergantiños houbo actividade fabril neste sector en tres concellos diferentes. O concello de Carballo foi un dos concellos con máis actividade en Galicia; nel emprazáronse as seguintes fábricas: na freguesía de Artes, no lugar do Forno o curtidoiro do Bardanca tivo actividade durante a década dos anos cincuenta e comezos dos sesenta; o curtidoiro do Cereiro, propiedade da familia Mariño, operou no freguesía de Rus, no lugar do Pego; tamén da familia Mariño foi un curtidoiro localizado na propia vila de Carballo; na freguesía de Rus, no lugar de Liñares emprazouse o curtidoiro do Riveiro; o curtidoiro de Entrecruces, da familia Vázquez, curtiu peles no lugar da Granxa; de máis dimensión que os anteriores foron o curtidoiro de Santa Elisa, en Carballo, que tivo actividade até o século XXI e o curtidoiro do Queijo, no Tarambollo, que aínda está en funcionamento; ambas instalacións fabrís acometeron no seu momento unha mínima mecanización dos seus procesos produtivos. Outros empresarios dos curtumes neste concello foron: José María Álvarez, na freguesía de Rus; en Carballo, Francisco Sotelo Souto e Leopoldo Varela Fachal; Serafín Quintela Ramos, no lugar de Xoane, na freguesía de Goiáns; a fábrica de Herminia Esperante Fernández na freguesía de Berdillo; e o curtidoiro de Luís Sánchez Martínez na freguesía de Sofán que aínda curtía en 1971. No concello da Laracha operaron as cinco seguintes fábricas: o curtidoiro de Cumiáns, o máis importante de todos eles, na freguesía de Montemaior, pertencente a familia Souto; nesta mesma freguesía atopábase o curtidoiro de Sopé cun singular secadoiro con parede de cachotes de pedra no canto de doelas de madeira; tamén nesta freguesía traballou o curtidoiro do Viso; o curtidoiro do Regueiro, na freguesía de Golmar, do curtidor Antonio Fuentes; e nesta mesma parroquia curtiu a fábrica de San Cristovo da familia Queijo. Finalmente, no concello de Coristanco aínda está en funcionamento a fábrica denominada Curtipiel, no lugar de Midón, propiedade da familia Vázquez e cun proceso de produción totalmente mecanizado. Ademais, neste concello tivo a súa fábrica Francisco Pensado Tasende no lugar de Erbecedo.

Na comarca de Betanzos un total de catro curtidoiros tiveron actividade, todos eles no concello de Betanzos. A familia Etcheverría foi a propietaria do curtidoiro da Magdalena, que aínda mantén en pé a súa sobranceira cheminea. Cerca da Magdalena, erguíase outro curtidoiro coñecido coma a fábrica do Carregal do industrial Juan Pedro Lissarrague Etchard; a fábrica fecha no ano 1913 logo dunha longa andaina desde finais do século XVIII en que comezara a fabricar coiros. O industrial Bautista Mendiburo Torres curtía peles nos outros dous curtidoiros que operaban no concello; eran dun tamaño moito máis modesto que o das anteriores. Un situado no lugar de Roibera, na freguesía de San Martiño de Brabío, que deixa de curtir en 1916, e outro ergueito no lugar da Caraña de abaixo, na freguesía de San Martiño de Tiobre.

Na comarca da Coruña temos fábricas no concello de Carral e no da Coruña. No concello de Carral tivo o seu curtidoiro Antonio Mouriño Barreiro no lugar de Hervés, na freguesía de Beira. No concello da Coruña temos que falar dos seguintes curtidoiros: a fábrica de Agustín Rodríguez, sita no antigo concello de Santa María de Oza, lugar de Pedrafurada (Monelos); o curtidoiro de Jesús Pérez Prieto, de pequeno tamaño localizado tamén no antigo concello de Santa María de Oza, no lugar dos Castros; tamén neste mesmo concello rexistra actividade o coñecido como curtidoiro da Ponte Pasaxe; o curtidoiro de sola de Julio Sanz Márquez, ergueito na Coruña; ademais, outros dous empresarios dos curtumes operan no concello da Coruña, Manuel Gantes Barreiro e Pedro e Carmen Sanmartín Luna.

Na comarca do Eume instalouse un dos curtidoiros máis importantes da historia deste sector en Galicia, coñecido como fábrica “La América”, do que na actualidade non se conserva nada do seu senlleiro edificio fabril.

Na comarca de Ferrol foi onde comezaron a inzarse curtidoiros no século XVIII cando a fábrica chega ao sector. No que atinxe ao século XX, temos que falar dunha fábrica no concello de Narón, coñecida coma a fábrica da Ponte de Xuvia, propiedade de Antonio Rodríguez, e doutra fábrica no antigo concello de Serantes (hoxe Ferrol) propiedade da familia Togores da quedan pegadas de actividade do ano 1916.

Na comarca de Fisterra houbo unha fábrica no concello de Dumbría, coñecida como o curtidoiro do Carme, propiedade de familia Esparís, localizada no lugar da Farrapa e que tivo actividade até os anos setenta.

Na comarca de Noia encádrase o concello homónimo, que é unha das localizacións máis importantes do sector dos curtumes en Galicia. Debido ao número de curtidoiros que houbo, a continuación só referimos o número de fábricas que curtiron peles neste concello por freguesías e que atopamos no noso traballo de campo: en San Martiño de Noia 16 curtidoiros, en Santa Cristina de Barro 14, en Santa María de Argalo 3 e en Santa María de Obre 6. Finalmente, nesta comarca tamén operou unha fábrica no concello de Outes, no lugar da Seara, coñecida como o curtidoiro de San Ourente, nos anos centrais da centuria.

Na comarca de Ordes curtiu peles o curtidoiro do Faya localizado no propio concello de Ordes á beira do regato chamado Mercurín e o curtidoiro de Francisco Pallés Dubra en Rodis, no concello de Cerceda.

Na comarca de Santiago o sector dos curtumes estivo presente en tres dos seus concellos. O concello de Santiago de Compostela é unha das localizacións de referencia do sector en Galicia e mesmo a nivel estatal, do que foi un dos seus máximos referentes no século XIX. Tiveron presenza no período de análise as seguintes fábricas por orde alfabética: o curtidoiro das Casas do Rego, o do Campo do Espiño ou do Río dos Sapos, o curtidoiro do Carme de Garra-Harguindey, o de Guadalupe, o do Hospicio Vello, o do Juanatey do Rueiro de Figueiriñas, o de Laraño-Igrexa ou Laraño-Santomil, o curtidoiro da Lavacolla, o do Oryarzabal en Figueiriñas, o de Picaños, o de Ponte Pedriña de Arriba, o de San Ignacio do Monte, o de San Nicolás do Sar e o curtidoiro da Ribeira de San Lourenzo ou de Santaló. No concello de Brión operaron dúas fábricas no lugar de Soutullos, freguesía de San Salvador de Bastavales, unha propiedade de José López Juanatey e outra de Faustino Hermo Nieto, un antigo traballador da primeira procedente de Noia. Pola súa parte, no concello do Val do Dubra localizáronse outros dous curtidoiros na freguesía de Rial, a fábrica do Pelachín da familia Rey, no lugar do Arnexo, e a fábrica de Manuel Antelo Rodríguez, no lugar de Chousa do Mato.

Na comarca do Sar atópase a fábrica de curtidos máis importante de Galicia, a de PICUSA, no concello de Padrón. Hoxe unha empresa multinacional, comezou a súa andaina baixo a xerencia de Novo y Sierra até que após a Guerra Civil o empresario catalán Ignacio Zaragoza se fixese co seu control e acometera unha importante inversión na mecanización

das súas estruturas produtivas, da que é tributaria a súa dimensión actual.

Na comarca da Terra de Melide houbo dúas fábricas de curtumes no século XX. Por unha parte, o curtidoiro de Furelos, localizado no lugar de Folocheiro, nunha zona dun grande valor histórico-cultural cerca de Furelos por onde pasa o camiño francés; o lugar conta cunha ponte medieval e consérvanse referencias medievais sobre as angueiras de curtir peles no emprazamento. Cerca deste, na propia vila de Melide, operou entre os anos 1953-1963 un pequerrechiño curtidoiro no lugar do Nabal.

Unha vez que temos as fábricas de curtumes que tiveron actividade nesta provincia agregadas por concellos e comarcas, podemos proceder a realizar unha análise sobre se a súa localización foi máis ou menos urbana. Os datos ofrecémoslos no seguinte gráfico.




Gráfico 1. Localización en termos relativos dos curtidoiros da provincia da Coruña

Como podemos observar neste gráfico a localización rural foi predominante na provincia da Coruña, aguillada polas fábricas de curtumes establecidas na redonda da vila de Noia e das radicadas na comarca de Bergantiños. Pola contra, o emprazamento urbano da actividade curtidora só se verifica nun poucos exemplos nas cidades da Coruña e, sobre todo, de Santiago de Compostela. Nun chanzo intermedio das anteriores, temos que un de catro curtidoiros se empoleiraron nas vilas destacando a localización industrial na propia vila de Noia.

3.2. As fábricas de curtumes da provincia de Lugo (1900-1960)

Os curtidoiros curtiron peles en oito das trece comarcas da provincia de Lugo durante o século XX, aínda que non todas estas comarcas tiveron a mesma puxanza no sector, tal como mostra a Táboa 2, pois o sector foi máis importante nas comarcas de Chantada, Lugo e Sarria.

| | 1900 | 1920 | 1940 | 1960 |
|---------------------|------|------|------|------|
| Os Ancares | 1 | 1 | 0 | 0 |
| Chantada | 3 | 2 | 3 | 2 |
| Lugo | 8 | 3 | 4 | 3 |
| A Mariña Central | 4 | 2 | 1 | 0 |
| A Mariña Occidental | 3 | 2 | 1 | 1 |
| Sarria | 4 | 4 | 4 | 2 |
| A Terra Chá | 0 | 1 | 1 | 0 |
| A Terra de Lemos | 0 | 0 | 2 | 2 |

Táboa 2. Localización dos curtidoiros lugueses por comarcas (1900-1960)

Na comarca dos Ancares operou nos primeiros anos do Novecentos unha fábrica de curtumes propiedade de Marcial Vega sita no lugar da Ferrería, no concello de Becerreá moi cerca do veciño concello das Nogais.

Na comarca de Chantada tiveron actividade cinco fábricas durante o período analizado, todas elas sitas na capital do Asma e nos seus arredores. O curtidoiro do Merluza, rexentado pola familia Boo, quizais sexa o máis emblemático da historia destas terras tanto pola súa antigüidade coma porque aínda se conserva en pé o sobranceiro edificio fabril á beira do río Asma no seu paso por Chantada. Os curtidoiros do Cortés, do Rumbao e do Cereixeiro, tamén sitos na vila de Chantada, tiveron unha importancia produtiva semellante ao do Merluza e pecharon todas as portas nos anos centrais do século XX menos o fábrica do Cortés, que deixou de funcionar co agromar do século. Finalmente, houbo outra fábrica nas aforas de Chantada, no lugar de Pousada, alcumada dos Tangueros que curtiu peles durante un curto espazo temporal a comezos do século XX.



Figura 1. Píos de curtir do curtidoiro do Merluza (Chantada)

Na comarca de Lugo dous concellos contaron con fábricas de curtumes no século XX. No concello de Castroverde houbo un curtidoiro en Barreiros a comezos do século propiedade de Antonio Fernández Nogueira alcumado a fábrica do Pedrolas. O resto das fábricas desta comarca operaron no concello de Lugo distribuídas xeograficamente do seguinte xeito. No lugar da Chanca tiveron actividade dúas fábricas, o curtidoiro de Francisco Somoza e o curtidoiro de A. Abelairas coñecido como a fábrica do Piteira. Estes edificios fabrís aínda se manteñen en pé e son a única pegada patrimonial deste sector que queda na actualidade neste concello. Cerca da Chanca, no lugar de Paradaí, na contorna da estación de tren, curtiron peles tres fábricas, a do persoeiro de ascendencia lombarda Augusto Pozzi, a da familia Herrero Lobejón, procedente de Villaramiel –capital do curtido castelán– e a antiga fábrica de Rivas de Pedro Rodríguez. No lugar de Pedreiras, actual avenida de Madrid, tivo actividade a fábrica dos Yáñez rexida durante o século XX por varios membros desta familia. Na redonda da Tolda de Castela, á beira do río Miño, traballou a fábrica do Roxo de Gervasio Rodríguez. No lugar de Conturiz, saíndo de Lugo cara a Nadela, tiña a súa fábrica Manuel Baleirac, de ascendencia francesa. Tamén operaron en Lugo as fábricas dos empresarios Pedro López Carreira e Francisco Jáñez Rodríguez, na contorna do actual Gran Hotel Lugo, e a mercantil Industrias Abella S.L. na zona noroeste da cidade.

Na comarca da Mariña Central houbo fábricas de curtidos en dous concellos, o de Alfoz e o de Mondoñedo. No concello de Alfoz rexistran actividade dous curtidoiros: o de José Pérez Mon coñecido como a fábrica do Vilaúde e o da familia Sixto no lugar do Penido, freguesía do Reirado. No concello de Mondoñedo operaron outras dúas fábricas: por unha banda, o curtidoiro da familia Salaverri, de procedencia navarra, no lugar dos Muíños na propia cidade de Mondoñedo, cuxo derradeiro empresario foi Pedro Salaverri Fernández; por outra, o curtidoiro de Vicente Barro Saavedra coñecido como a fábrica de Viloalle, no lugar do Vilar, na estrada que vai cara a Alfoz. Nesta comarca tamén rexistra actividade un muiño de casca de cabalaría, propiedade de Gervasio López Veiga, no concello de Lourenzá. Todas estas fábricas teñen en común que paran a súa actividade produtiva no primeiro terzo do século XX, un chisco antes do que foi normal en Galicia, onde o sector colapsa nos anos centrais do século tras o fin da alcumada “etapa da intervención”.

Na comarca da Mariña Occidental os concellos de Viveiro e do Cervo contaron con fábricas de curtumes neste período. A máis sobranceira de todas elas foi o curtidoiro da Xunqueira, da familia Donapetry, no concello de Viveiro, que hoxe alberga o obradoiro do ceramista Alfonso Otero Regal. Nas aforas da propia vila de Viveiro curtiron peles outras dúas fábricas: a de Tomás Ozcarberro e a de Pedro Chao Romero, esta última sita en fronte da referida fábrica da Xunqueira. No concello de Cervo curtiu peles un pequeniño curtidoiro entre os anos 1925 e 1932 rexentado polo empresario Jesús Gueimunde Villares no lugar de Calabadexo, na freguesía de Santa Mariña de Cervo.

Na comarca de Sarria operaron fábricas de curtumes nos concellos de Sarria e de Samos. Neste último, rexistra actividade un curtidoiro de Vilachá de Abaixo, na freguesía de Santa María de Castrocán, propiedade da familia Díaz. No concello de Sarria tiveron actividade fabril outras catro fábricas. A máis importante da contorna foi o coñecido como curtidoiro de Treilán, da familia Sarry, do que aínda se conserva en estado de abandono o seu fabuloso edificio fabril; está localizado cerca da estación de tren, desde á que se chega polo “camiño da fábrica”. Cerca deste houbo outra fábrica de curtidos no lugar de Requeixo propiedade de José Rodríguez Fernández. No lugar de Castelo, indo de Sarria cara a Samos, erguéronse outras dúas fábricas un propiedade de Pedro e Daniel Sánchez e outra de Benigno Sánchez.

Na comarca da Terra Chá rexistra actividade nas contribucións industriais a fábrica de curtumes de Camporredondo desde 1924 a 1953 rexentada polo empresario Domingo Apenela Gayoso.

Finalmente, na comarca da Terra de Lemos agrella a industria dos curtumes ás beiras do río Cabe serodidamente, a finais do anos vinte, mais axiña as dúas fábricas que operan alcanzan certo relevo no ámbito provincial: unha da que foi pioneiro José Conde Conde, dos Conde de Vilaboa (Allariz), localizada no lugar de Cobas, na propia vila de Monforte de Lemos; e outra na mesma vila na zona da Pinguela propiedade do empresario Manuel Sáez Gómez.

Da mesma maneira que na epígrafe anterior, unha vez agregadas por concellos e comarcas as fábricas de curtumes que tiveron actividade nesta provincia, podemos proceder a realizar unha análise sobre a súa localización (Gráfico 2).




Gráfico 2. Localización en termos relativos dos curtidoiros da provincia de Lugo

Como podemos observar neste gráfico a localización industrial dos curtidoiros nas cidades, vilas e aldeas luguesas foi similar en termos relativos. Porén, a localización nas vilas foi un chisco superior debido a importancia que tiveron nesta provincia os curtumes das vilas de Chantada, Monforte de Lemos, Sarria e Viveiro. O ámbito urbano queda reducido ás fábricas da cidade de Lugo e, finalmente, os curtidoiros chantados no ámbito rural esparéxense por toda a provincia.

3.3. As fábricas de curtumes da provincia de Ourense (1900-1960)

A provincia de Ourense conta con doce comarcas nas que en oito delas houbo fábricas de curtumes no século XX, aínda que non todas estas comarcas tiveron a mesma relevancia no sector, tal como se pode comprobar na Táboa 3, destacando as comarcas de Allariz-Maceda e a do Carballiño.

| | 1900 | 1920 | 1940 | 1960 |
|---------------------|------|------|------|------|
| Allariz-Maceda | 10 | 11 | 25 | 22 |
| A Baixa Limia | 1 | 0 | 0 | 0 |
| O Carballiño | 3 | 11 | 14 | 11 |
| Ourense | 2 | 3 | 2 | 0 |
| O Ribeiro | 1 | 0 | 0 | 1 |
| A Terra de Celanova | 1 | 2 | 1 | 2 |
| Valdeorras | 0 | 0 | 1 | 0 |
| Verín | 0 | 0 | 2 | 2 |

Táboa 3. Localización dos curtidoiros ourensáns por comarcas (1900-1960)

Na comarca de Allariz-Maceda tiveron actividade fabril dos curtumes os concellos de Allariz e de Xunqueira de Ambía. O concello

de Allariz é unha das localización máis senlleiras dos curtumes galegos e durante o século XX as súas fábricas ciscáronse por todo o seu territorio tal e como amentamos a continuación. Na vila de Allariz operaron cinco fábricas: o curtidoiro dos Nogueiras, hoxe rehabilitado e dedicado a restaurante e museo do coiro; o curtidoiro da Torre Lombarda, tamén rehabilitado e dedicado a casa de turismo rural; o curtidoiro dos Mangana, igualmente rehabilitado e dedicado a cafetaría e club de piragüismo; e de Vilanova ou do Raspiña da familia Rumbao, tamén rehabilitado e dedicado a restaurante; e o curtidoiro do Manoliño. Os curtidoiros dos Nogueiras, da Torre Lombarda e de Vilanova ou do Raspiña, empoleirados ás beiras do río Arnoia, áchanse na actualidade nun excelente estado de conservación e constitúen parte relevante do patrimonio industrial dos coiros de Galicia máis sobranceiro. Nos arredores da vila de Allariz localízanse tres lugares –A Acea de Meire, A Portela da Aira Vella e Vilaboa– que no seu día foron auténticas aldeas-fábricas debido ao extraordinario número de curtidoiros que había en cada unha delas. Na aldea da Acea de Meire conseguimos identificar nada máis e nada menos que 15 curtidoiros, algúns deles cunha certa dimensión como o dos Neginas, máis outras cinco construcións relacionadas con esta industria como almacéns ou muíños de casca comunitarios. Na aldea da Portela da Aira Vella localizamos 10 curtidoiros e outras seis construcións vencelladas aos curtumes. Destacamos tres deles: os curtidoiros do Pial, da Laga e do Souto. Na aldea de Vilaboa operaron seis fábricas, algunhas delas de grande tamaño como o curtidoiro da Familia Conde ou o curtidoiro da Casqueira, un dos máis belos de toda Galicia, co seu grande secadoiro de coiros en forma de “L”. Ademais dos citados, tamén houbo fábricas de curtidos en Allariz nos lugares citados a continuación. Na freguesía de Requeixo de Valverde houbo seis fabricantes, dous en Paciños –a fábrica dos Largos, propiedade de Camilo Conde Conde, e a fábrica dos Peneiras–, outros dous en Valverde –a fábrica de Benito Conde Fernández e a de Manuel Conde Conde– e outros dous en Requeixo. No lugar da Cal, na freguesía de Folgoso, rexistra actividade unha fábrica de curtumes propiedade de Alfonso Pérez Camba. Finalmente, no lugar de Vilar de Flores, na freguesía dos Espiñeiros, ergueuse o curtidoiro dos Camba dirixido pola familia homónima. Polo que respecta ao concello de Xunqueira de Ambía, rexistran actividade catro fábricas: a do Requeixiño, a de Modesto Pérez Malvar no

lugar de Cima de Vila e coñecida polo alcume da fábrica do Bouzo, o curtidoiro do Salomón na propia vila de Xunqueira e a mercantil MALPE S.L. sita ás aforas de Xunqueira.



Figura 2. O curtidoiro da Casqueira, aldea de Vilaboa (Allariz)

Na comarca da Baixa Limia operou un curtidoiro até o comezo do século XX no concello de Bande, empoleirado no medio do fermoso lugar de Rubiás, propiedade de Francisco Fernández Martínez.

Na comarca do Carballiño a industria dos curtumes tivo presenza en cinco dos seus concellos durante o século XX. No concello do Carballiño operaron un total de catro fábricas: no lugar de Torrón foi onde os Arancey, unha familia de orixe francesa, ergueron o seu curtidoiro; no lugar de Framia curtiu peles a familia Veiga, no lugar de Señorín operou a fábrica do Reque e na propia vila do Carballiño emprazouse a fábrica do Piteira. No concello do Irixo rexistra actividade na segunda parte da década dos anos vinte o empresario José Rodríguez Lorenzo. No concello de Piñor está emprazada a aldea de Porto do Souto que é unha das principais aldeas-fábricas que houbo en Galicia no eido dos curtumes, debido ao número importante de fábricas que había no lugar relacionadas coa familia Portugal de ascendencia francesa, de xeito que identificamos un total de oito fábricas e outros oito inmóbeis vencellados ao sector coma lavadoiros e secadoiros comunitarios. No lugar do Reino temos a fábrica de curtumes Blanco-Mangana e o curtidoiro dos Ureña. No lugar de Barrán houbo a fábrica de Máximo Pousa Fernández. En Torquedo tivo actividade curtidora unha fábrica, cun sobranceiro edificio fabril que aínda hoxe se conserva, relacionada coa familia Portugal.

No lugar do Arenteiriño rexistra actividade unha pequena fábrica propiedade de José Álvarez Rodríguez. Para rematarmos co concello de Piñor, viaxamos ao lugar de Vilariño onde achamos outras dúas fábricas, a de Bernardino Álvarez Fernández e a de José Ramón Nóvoa Portugal, pertencentes tamén a ramas da familia Portugal. No concello de Maside a fábrica máis importante foi a da familia Lorenzo no lugar de Gulfar, que fechou recentemente, aínda que contabilizamos outras cinco nos lugares do Agro da Quinta, Dacón, Pousada, Lintanco e Laiantes. Finalmente, no concello de San Cristovo de Cea curtiu peles o empresario Delfín Vázquez Lorenzo no lugar de Viduedo entre os anos 1928 e 1933.

Na comarca de Ourense houbo fábricas de curtumes en tres concellos. No concello de Amoeiro tivo actividade un curtidoiro no lugar de Reguengo. No concello de San Cibrao das Viñas estableceuse a fábrica do correeiro no lugar da Ponte Noalla. No antigo concello de Canedo (hoxe Ourense) rexistra actividade durante uns poucos anos Edelmiro Rodríguez Lama, cuxa fábrica estaba no lugar de Caldas, e o curtidoiro de Amador González Borrajo, procedente do concello de Amoeiro.

Na comarca do Ribeiro curtiu peles no concello de Avión, lugar de San Xusto, unha fábrica almacada de Valderías até o ano 1912 e foi dirixida por Víctor Fernández Cota. Na actualidade o edificio fabril áchase rehabilitado para usos de turismo rural e conserva en magnífico estado os antigos píos de cantaría tanto do lavadoiro coma da zona de curtir. Tamén houbo unha fábrica de curtumes no concello de Beade propiedade dos irmáns Pousa.

Na comarca da Terra de Celanova inzáronse tres fábricas de curtidos no propio concello de Celanova: a fábrica de Dámaso Moreiras Rodríguez do lugar de Mandrás, a de Ricardo Rodríguez Marquina, no lugar da Veiga, hoxe casa de turismo rural, e o curtidoiro de Xamirás, no antigo concello de Acevedo do Río.

Na comarca de Valdeorras houbo unha fábrica no concello do Barco de Valdeorras, na actual avenida Estación, durante os anos trinta e corenta a nome de David Revuelta Fernández, que viñera de Becerril de Campos (Palencia) anos atrás; e no concello de Vilamartín de Valdeorras outra durante os anos cincuenta e cuxo empresario foi Manuel Vedo Álvarez, que encetou a curtir para fornecer de coiro a súa propia zapataría do centro da vila.

Na comarca de Verín abre un curtidoiro no concello de Verín a familia Álvarez que viñera de Allariz, e en Barro Portela, no concello de Monterrei, tivo actividade outra fábrica após a Guerra Civil e que traballou até o ano 1956.

Unha vez comentados os curtidoiros que operaron nesta provincia durante o século XX, podemos proceder a desenvolver unha análise sobre a súa localización, co fin de apreciar se esta foi máis ou menos rural (Gráfico 3).




Gráfico 3. Localización en termos relativos dos curtidoiros da provincia de Ourense

Como podemos apreciar no Gráfico 3 a localización industrial dos curtumes ourensáns foi fundamentalmente rural ao establecérense neste ámbito nove de cada dez fábricas. Aguiña a anterior panorámica o feito de que no rural ourensán proliferaron as aldeas fábricas, é dicir, lugares onde se erguen un número importante de fábricas de coiros en convivencia coas casas con uso de vivenda residencial. En concreto, localizamos catro, tres no concello de Allariz –A Acea de Meire, A Portela da Aira Vella e Vilaboa– e unha no do Carballiño –Porto do Souto. Cómpre subliñar tamén que na provincia de Ourense non houbo fábricas no ámbito urbano, pois as contadas que se estableceron na capital provincial radicáronse nas súas aforas, no entón concello de Canedo na marxe occidental do río Miño, hoxe fusionado co actual concello de Ourense.

3.4. fábricas de curtumes da provincia de Pontevedra (1900-1960)

As fábricas de curtumes tiveron presenza en oito das dez comarcas da provincia de Pontevedra durante o século XX. A evolución do seu emprazamento físico por comarcas podémola ver na Táboa 4, onde destaca a localización industrial dos curtumes en Pontevedra.

| | 1900 | 1920 | 1940 | 1960 |
|--------------------------|------|------|------|------|
| O Baixo Miño | 0 | 0 | 0 | 1 |
| Caldas | 4 | 2 | 2 | 2 |
| O Condado | 1 | 1 | 1 | 1 |
| O Deza | 3 | 2 | 2 | 2 |
| Pontevedra | 9 | 5 | 5 | 3 |
| O Salnés | 1 | 1 | 1 | 2 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 2 | 2 | 2 | 2 |
| Vigo | 3 | 1 | 1 | 0 |

Táboa 4. Localización dos curtidoiros pontevedreses por comarcas (1900-1960)

Na comarca do Baixo Miño rexistra actividade un pequeno curtidoiro propiedade de Gonzalo Martín Herranz, de ascendencia salmantina, no lugar da Sarabia na cidade de Tui, durante a década dos anos cincuenta.

Na comarca de Caldas operaron catro curtidoiros no século XX, todos no concello de Caldas de Reis: O curtidoiro dos Legerén, emprazado no lugar de Atafona de Caldas, propiedade da familia Legerén, de ascendencia francesa; o curtidoiro da familia Mosquera, tamén ergueito na propia vila de Caldas e mercado polos Legerén na primeira parte da centuria; o curtidoiro de Fieitoxo, sito na freguesía de Santa Mariña de Carracedo, propiedade de José Mateo Conde Tonceda; e, para rematarmos, o curtidoiro de Nodar, na freguesía de Santo André de César, que curtiu até os primeiros anos do século.

Na comarca do Condado operan dúas fábricas de curtumes no concello de Ponteareas, propiedade de Juan Bautista Garra, localizadas nos lugares de Angoares e da Perillana, que acadaron un certa dimensión. A da Perillana hoxe está rehabilitada e dedicada a biblioteca municipal e conserva un singular grande pío de cantaría de forma circular.

Na comarca do Deza houbo catro fábricas de curtidos durante o período obxecto de análise. A familia Cortizo contaba cun curtidoiro na freguesía de Bendoiro, no lugar de Vilar do Río, coñecido, precisamente, como a fábrica do Cortizo; Arturo Blanco Rodríguez tiña o seu curtidoiro, que fora fundado polo francés Pedro Aguerre, na freguesía de Filgueira, coñecido na actualidade como a fábrica do Espiño; no lugar de Quintá, na freguesía de Moineixas, contaba coa súa fábrica de curtumes Benito Portas, tendo actividade até os primeiros anos da centuria; e na propia vila de Lalín tamén funcionou un curtidoiro, propiedade de

Manuel Balado González, que é coñecida popularmente coma a fábrica do Balado.

Na comarca de Pontevedra cinco dos oito concellos que a conforman rexistran actividades no eido dos curtumes. No concello da Lama curtiron peles dúas fábricas: na freguesía de Gaxate rexistra actividade un curtidoiro, vencellado á familia Andión, entre os anos 1943 e 1957, e o curtidoiro propiedade da familia Muñíos, con máis historia ca o anterior, hoxe coñecido como o curtidoiro de Souteleira e rehabilitado como casa de turismo rural. No concello de Cotobade operou o curtidoiro de Miguel Morgade, no lugar de Paraños, coñecida como a fábrica dos Morgade, e que deixa de curtir en 1915. No concello de Ponte Caldelas fabricaron coiros os seguintes cinco empresarios: Jesús Arruti Hermida, que tivo a súa fábrica, coñecida coma a fábrica dos Arruti, no lugar de Cuñas; Ruando Carnero e Eduardo Carnero gobernan sucesivamente a fábrica coñecida coma dos Carnero; Hipólito Hermida Barcia tivo a súa fábrica de curtumes no lugar de Tourón, cuxa actividade non chega aos anos vinte; o industrial Ramón Canabal Rodríguez emprazou a súa fábrica no lugar de Cuñas até o ano 1953; finalmente, tamén houbo un curtidoiro na propia vila de Pontecaldelas coñecido como o dos Fillos de Manuel Martínez. No concello de Pontevedra houbo tres empresarios curtidores: José Benito Etchevarría Broussaint fabricaba coiros na coñecida como fábrica do Borrón, empoleirada á beira da Ponte do Burgo; a fábrica do Gurgullón ergueita a comezos dos anos corenta por José Regojo Rodríguez; e Ángel Linares curtía peles na súa fábrica sita no lugar de Eiriña, cuxa actividade non alcanzou os anos vinte. Finalmente, no concello de Vilaboa, rexeitou o seu curtidoiro Segundo Mariño Pérez, no lugar do Outeiro, na freguesía de Santa Comba de Bértola, coñecido como a fábrica de Espiñeira.

Na comarca do Salnés tiveron actividade cinco fábricas de curtumes no concello de Vilagarcía de Arousa, todas elas na propia vila de Vilagarcía. Na antiga rúa da Prosperidade tributa por unha fábrica de curtumes José María Guindín na primeira parte da centuria; no barrio das Carolinas houbo unha fábrica coñecida como Curtidos Lorenzo propiedade de Narciso González Lorenzo; o empresario Manuel Mariño tiña un curtidoiro coñecido como o dos Mariño no lugar da Escardia; cerca deste emprazouse o curtidoiro de Antonio Somoza; finalmente, rexistra actividade nos anos sesenta unha fábrica de curtumes no lugar do Piñeiriño a nome de Martín Juanatey Malvárez.

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes o sector dos curtumes estivo presente nos seus tres concellos. O concello da Estrada contou con tres fábricas: a máis relevante foi a coñecida coma “A Fabricanta”, propiedade da familia Juanatey, e localizada no lugar de Figueiroa de Abaixo, na freguesía de San Paio da Estrada; ademais, rexistra actividade efemeramente os primeiros anos da década dos corenta o empresario Francisco Blanco Vilas, mentres que Cándido Fernández López abre o seu curtidoiro, coñecido coma a fábrica do Cartucheiras, en 1941 e pecha no ano 1957, axexado, como tantos outros, pola *Fiscalía de Tasas*. No concello de Forcarei operou a fábrica da Arenta fundada por Ramón Fernández e sita no lugar da Casanova. Por último, no concello de Cerdedo a fábrica do Peleteiro, na propia capital do concello, curtiu peles até o ano 1913 da man do empresario Manuel Peleteiro Fernández.

Na comarca de Vigo os curtidoiros estiveron operativos en tres dos concellos. No concello de Vigo curten peles a comezos do século XX dúas fábricas que acadaran unha certa importancia no panorama dos curtumes galegos. Unha da familia Bárcena, localizada no antigo concello de Lavadores, e outra propiedade de Francisco Solleiro Negrete que fecha as súas portas nos primeiros anos da centuria. No concello do Porriño operaron dúas fábricas: a da Guía, propiedade da familia Carrera, que tivo unha certa relevancia, e o curtidoiro dos irmáns Ramilo, Bernardino e Antonio, que deixa de curtir en 1909. Finalmente, rexistra actividade nos primeiros anos da centuria o curtidoiro de Juan Ipiña Ibarretxe no concello de Redondela.

Unha vez estudadas as fábricas de curtumes que curtiron peles nesta provincia, podemos realizar unha análise sobre se a súa localización foi máis ou menos urbana (gráfico 4).




Gráfico 4. Localización en termos relativos dos curtidoiros da provincia de Pontevedra

Como se desprende deste gráfico as fábricas pontevedreses localizáronse principalmente nas aldeas e nas vilas, sendo característico, ademais, o seu espallamento por todo o territorio provincial ao non concentrarse a actividade fabril en ningún núcleo dun xeito relevante. Nas cidades, pola contra, só se contou con actividade de cinco curtidoiros nas cidades de Pontevedra e de Vigo.

4. Conclusións

Do estudo realizado pódense tirar tres grandes conclusións que a continuación brevemente enunciaremos:

1. Unha localización industrial fundamentalmente rural. As fábricas de curtumes establecéronse en Galicia principalmente en contornas rurais aguilloadas por unha ocupación do territorio dispersa onde os distintos núcleos de asentamentos humanos estaban mal comunicados uns con outros, non sendo infrecuente a comunicación entre estes núcleos con cabalarías xa entrado o século XX. Esta situación tivo como consecuencia que as distintas actividades transformadoras de materias primas en manufacturas desenvolvidas no país tiveron un agromar espaxado por todo o territorio, estimuladas pola demanda da contorna da fábrica.

Con este punto partida non é de estrañar que a localización urbana e mesmo a vilega das fábricas de curtumes en Galicia non fose a que máis predicamento tivera. Ademais, en ambos os dous supostos estes curtidoiros chántanse, esencialmente, ás aforas destes núcleos de poboación tal e como foi común coas industrias vencelladas á química pola contaminación e malos cheiros que a súa actividade producía.




Gráfico 5. Localización en termos relativos dos curtidoiros en Galicia

Como vimos dicindo e tal como podemos observar no Gráfico 5, a localización industrial dos curtumes galegos ancorouse fundamentalmente no rural. Un rural no que destacan algunhas aldeas que tiveron un importante número de fábricas convivindo no mesmo lugar, aquí si, coas casas dedicadas a vivenda. Son bos exemplos do anterior, no concello de Allariz as aldeas da Acea de Meire, A Potela da Aira Vella e Vilaboa, e na comarca do Carballiño a aldea de Porto do Souto, moi preto da vila de Cea mais no concello de Piñor.

2. A importante concentración de fábricas de curtumes nalgúns áreas xeográficas de Galicia. Enfiando co anterior, que en todo o país houbera unha destacada implantación territorial do sector non quere dicir que non houbera lugares onde a localización industrial deste eido fose máis importante. Deste xeito, sobresaen no panorama galego o número de fábricas que se inzaron nos concellos de Allariz, Noia e Santiago de Compostela. Por unha banda, a capital de Galicia aínda conserva no século XX un chisco do fulgor que tivera no século XIX, cando se convertera nunha importante referencia no mercado dos curtumes estatal. Por outra, nos concellos de Allariz e Noia operaron unhas 40 fábricas en cada un dos concellos, que representa un 30% de todas as que curtiron peles aquén do Padornelo. No que atinxe ao ámbito comarcal, destaca na provincia da Coruña a comarca de Bergantiños,

cunha certa presenza de fábricas nos concellos da Laracha e de Carballo, ademais, das comarcas xa referidas de Noia e Santiago. Na provincia de Lugo, as comarcas de Chantada, Lugo e Sarria amosan unha implantación maior que o resto do territorio, sobre todo, nas súas capitais comarcais. Na provincia de Ourense, a comarca do Carballiño foi unha das localizacións máis senlleiras de Galicia con fábricas en case que todos os seus concellos; ademais, destaca tamén a comarca xa amentada de Allariz-Maceda. Finalmente, na provincia de Pontevedra sobresaen a localización de curtidoiros operada na comarca de Pontevedra onde, do mesmo xeito que en Bergantiños e no Carballiño, boa parte dos concellos que integran a comarca tiveron factorías que curtían peles.

3. A extraordinaria localización industrial que tivo o sector dos curtumes no noso país. Desde un punto de vista cuantitativo, as fábricas galegas de coiros tiveron unha presenza importante no ámbito estatal tal como se reflicte nas estatísticas administrativas das contribucións industriais, onde nalgúns períodos como as décadas centrais do século XIX, a preeminencia dos coiros galegos no panorama estatal é evidente ao fabricárense un de cada catro coiros do Estado en Galicia. Ademais, a localización dos curtidoiros abrangue case que todas as comarcas de Galicia e nun de cada catro concellos ergueuse algún factoría polo que a súa implantación no propio territorio galego foi moi relevante.

5. Referencias bibliográficas e de referencia

- Abreu Sernández, L. Fernanda (2002): *Iniciativas empresariales en Vigo entre 1866 y 1940*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, pp. 73, 75, 78, 79, 89 e 93.
- Alonso Álvarez, Luís; Elvira Lindoso Tato e Margarita Vilar Rodríguez (2008): “Banca y curtidos: los Etcheverría, 1717-2006”, en *Construyendo empresas: la trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*. A Coruña: Confederación de Empresarios de Coruña, vol. 1, pp. 65-73.
- (2008): “La América de R. Pardo y Cía (Pontedeume), 1864-1970”, en *Construyendo empresas: la trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*. A Coruña: Confederación de Empresarios de Coruña, vol. I, pp. 247-266.
- (2008): “PICUSA, la tenería de Padrón, 1941-2006”, en *Construyendo empresas: la trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*. A Coruña: Confederación de Empresarios de Coruña, vol. 2, pp. 260-275.
- Arias Vilas, Felipe; José Luís Novo Cazón; Concepción Burgo López e María Jesús Souto Blanco (2001): *Historia de Lugo*. A Coruña: Vía Láctea Editorial, pp. 203-204.
- Arias, María Xesús e Henrique Sanfiz (1994): *Maniños no pasado*. Fene: Concello de Fene, pp. 17-20.
- (1996): *Barallobre no pasado*. Fene: Concello de Fene, pp. 21-23.
- Asorey Andaluz, Antonio (1945): “De la cofradía gremial de los correiros al sindicato de la piel”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* 45-46, pp. 327-338.
- Blanco, Graciela (2009): “Casimiro Gómez Cobas (1854-1940). Feito en coiro. O mito indiano que chegou a ter a maior empresa curtidora do mundo”, en X. Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, vol. 2, pp. 282-303.
- Broz Rei, Xosé Manuel (1998): “Os zapateiros de Melide”, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide* 4, s.p.

- (2005): “Novas aportacións ó patrimonio da Terra de Melide”, Melide, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide* 18, pp. 44-55.
- (2007): “Fotos de Melide”, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide* 20, pp. 236.
- (2015), “Novas aportacións ó patrimonio de Melide”, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide* 28, pp. 63-64.
- Broz Rei, Xosé Manuel; M^a Dolores Primo Barja e Cristina Vázquez Neira (2013): “A fábrica de curtidos de Furelos. Testamento de don José Varela das Seixas, propietario da fábrica”, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide* 26, pp. 174-180.
- Carmona Badía, Xoán (1990a): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Barcelona: Ariel, pp. 68-69.
- (1990b): “Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936”, en J. Nadal Oller e A. Carreras i Odriozola (coords.), *Pautas regionales de la industrialización española: siglos XIX-XX*. Barcelona: Ariel, pp. 27-35.
- Carmona Badía, Xoán (2009): “Luís de la Riva Barros (1798-1868). Un grande industrial e audaz financeiro na Galicia oitocentista” en X. Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, vol. 2, pp. 22-47.
- Carmona Badía, Xoán e María Teresa Fernández Vázquez (1997): “Historia e actualidade do patrimonio industrial de Galiza: as fábricas de curtidos de Allariz”, en X. A. Fidalgo Santamariña e X. Simal Gándara (coords.), *Patrimonio cultural de Galicia e norte de Portugal*. Ourense: Deputación Provincial, pp. 63-79.
- (2003): *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*. Compostela: Consorcio de Santiago.
- Carmona Badía, Xoán e Jordi Nadal Oller (2005): *El empeño industrial de Galicia: 250 años de historia (1750-2000)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 7-8, 37-40, 76-81 e 215-220.
- Colomer i Roma, Pere (2003): “La política de la piel. El sector curtidos en España”, *Revista de Historia Industrial* 24, pp. 115-158.
- Costas Fernández, Lucía e Carola Macedo Cordal (2008): “Achega ao gremio de zapateiros e curtidores de Pontedeume nos séculos XVII-XVIII”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios* 15, pp. 289-380.
- Dubert, Isidro (2008): “Comercio y tráfico marítimo en la Galicia del Antiguo Régimen, 1750-1820”, *Obreiroiro de Historia Moderna* 17, pp. 238-242.
- Facal Rodríguez, María Jesús (2009): “Manuel Bárcena Franco (1834-1909)”, en X. Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, vol. 2, pp. 122-147.
- Fernández Negral, Justino (2002): *Las fábricas de curtidos en la ría de Ferrol (1783-1956)*. Sada: Edicións do Castro.
- Fernández Vázquez, María Teresa (2006): “Juan Harguindey Broussain (1839-1911). O maior fabricante de coiros galego do século XIX”, en X. Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, vol. 1, pp. 108-123.
- (2002): *La industria del curtido en la Galicia contemporánea*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Filgueiras Rei, Ana (2001): *Prospección arqueolóxica da Vila de Caldas de Reis*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pp. 121-124.
- Fraga Rodríguez, Xan M. (2004): *Crónicas de Carballo II*. Carballo: Agrupación Cultural Lumieira, pp. 273-278.
- Freire Esparís, María Pilar (2000), “Picusa. La única superviviente de la industria del curtido”, en *Grandes Empresas. Grandes historias de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia, pp. 234-235.
- García Otero, Juan María (2005): “El barrio de la Magdalena de Betanzos. Un caso típico de incuria y especulación”, *Anuario Brigantino* 28, pp. 433-442.
- Iglesias Almeida, Ernesto (2001): “La antigua industria de curtido en la ciudad de Tui”, *Tuy. Museo y Archivo Diocesano* IX, pp. 199-216.
- Lindoso Tato, Elvira (2006): “A la sombra del arsenal: la oferta empresarial ferrolana en el siglo XIX”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 119, pp. 284-287.
- López Martínez, J. Antonio (coord.) (1998): *Ourense etnográfico*. Ourense: Deputación Provincial, pp. 113-145.
- Lorenzo Fernández, Xaquín (1962): “Etnografía”, en R. Otero Pedrayo (coord.), *Historia de Galiza*. Bos Aires: Editorial Nós, vol. 2, pp. 550-562.
- Maixé-Altés, Joan Carles (2009): “Marcelo Etcheverría Vila (1844-1914) e Domingo Etcheverría Naveyra (1889-1987). De industriais do curtido a banqueiros: unha saga de empresarios”, en X. Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, vol. 2, pp. 172-195.

- Martínez López, Alberte (1996): “El fracaso de la modernización de una industria tradicional: las tenerías gallegas, 1750-1935”, *Estudis D’Història Econòmica* 14, pp. 89-115.
- Martínez Plasencia, Mercedes e Teresa Sánchez Cora (2002): *Ponte Caldelas: Memoria escrita dun pobo 1500-1936*. Pontevedra: Deputación Provincial, vol. 4, pp. 474.
- Meijide Pardo, Antonio (1979): “Aspectos de la vida económica de Vigo en el siglo XVIII”, en Á. Cunqueiro e J. M^a Álvarez Blázquez (coords.), *Vigo y su historia*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo, pp. 352-355.
- Meijide Pardo, Antonio (1986): “Las primeras industrias del curtido en Betanzos”, *Separata de UNTIA. Boletín do Seminario de Estudos Mariñáns* 2, pp. 27-44.
- (1996): “Descubrimiento y explotación de la calizas de Moeche por el mineralogista alemán J. A. Pensel”, *Anuario Brigantino* 19, pp. 171-184.
- (1997): “El empresarismo industrial del negociante francés J. Lestache en el Ferrol del siglo XVI-II”, *Anuario Brigantino* 20, pp. 35-50.
- (1998): “Entre 1770 y 1814 se establecen 14 fábricas de curtidos en la comarca ferrolana”, *Anuario Brigantino* 21, pp. 167-182.
- (2000): “Aportación a la historia económica y social de Pontedeume en la primera mitad del S. XIX”, *Anuario Brigantino* 23, pp. 243-247.
- Mejuto Sesto, Manuel (2005): “D. Ricardo Sánchez Varela”, *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide* 18, pp. 67-86.
- Muro y Gori, Ángel (1872): *Memoria sobre la industria tenera en Galicia*. A Coruña: Domingo Puga.
- Nadal Oller, Jordi (1987): “La industria fabril española. Una aproximación”, en J. Nadal, A. Carreras e C. Sudriá (coords.), *La economía española en el siglo XX: una perspectiva histórica*. Barcelona: Ariel, pp. 23-61.
- Núñez Barros, Rosana (1994): “A industria do curtido en Pontedeume”, *Cátedra. Revista eumesa de estudos* 1, pp. 7-18.
- Otero Eiriz, Claudio (2014): “O zoqueiro de Esperante”, *O pobo canta. 50 aniversario da Coral Polifónica de Chantada*, s.p.
- (2015): *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na Idade Contemporánea*. Guntín: Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares.
- (2016): *La tipología de las fábricas de curtidos de Galicia. Un estilo arquitectónico vinculado al medio físico. El caso de Sarria*. Lisboa: III Congreso Internacional sobre Patrimonio Industrial.
- (2017a): *A industria dos coiros en Galicia. Historia e Patrimonio*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2017b): “Industria, Patrimonio e Paisaxe: o caso dos curtumes de Galicia”, en M. Á. Álvarez Areces, S. Blanco Agüeira e A. S. Río Vázquez (eds.), *Actas VII Congreso sobre Conservación del Patrimonio Industrial y de la Obra Pública en España. El Patrimonio Industrial en el Contexto de la Sostenibilidad. Repercusiones Mediambientales, Paisajes de la Industrialización, Estrategias de Regeneración y Turismo Industrial*. Xixón: TICCIH-España, pp. 498-502.
- (2018a): *As fábricas de curtumes de Alfoz. Historia e Patrimonio*. Alfoz: Seminario de Estudos do Valadouro, no prelo.
- (2018b): “Aproximación á industria dos curtumes lugueses: os curtidoiros de Castroverde e Vilalba”, *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*. 56, pp. 129-140.
- Otero Pedrayo, Ramón (1957): “O estraperlista dos coiros”, en *Entre a vendima e a castañeira*. Vigo: Galaxia, pp. 37-45.
- Pazos, Manuel e Daniel Pereiro López (2002): *Ordes. Crónica fotográfica do século XX*. A Coruña: Espiral Maior, p. 26.
- Pérez Constanti, Pablo (2008): *Notas viejas galicianas*. A Coruña: Boreal, pp. 66 -67.
- Portugal Soto, Serafín (2013): *Industria del curtido y la familia Portugal*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Sánchez Baamonde, Pedro Antonio (1782): *Memoria sobre el modo de fomentar entre los labradores de Galicia las fábricas de curtidos*. Madrid: Sociedad Económica Amigos del País de Madrid.
- Seijas Llerena, Daniel (2005): *Un caso de demografía industrial de principios del siglo XX: Las comarcas de Caldas y O Ullán pontevedrés entre los años 1.899 y 1.921*. Santiago de Compostela: Congreso de Historia Económica (Sección Demografía Empresarial), pp. 2-4.
- Vilar Rodríguez, Margarita e Elvira Lindoso Tato (2009): “El negocio de la Guerra Civil en Galicia, 1936-1939”, *Revista de Historia Industrial* 39, pp. 181-182.
- Villaverde Ruibla, Cristina (dir.) (2009): *Reencontros con esquecidos oficios europeos*. Santiago de Compostela: s.e., pp. 56-59.